

LINGUA GALEGA 6º EP

ACTIVIDADES ADAPTADAS

As actividades de Lingua Galega para facer estes días desde casa son as seguintes.

- 1. Ler os textos que aparecen nas seguintes páxinas.**

- 2. Facer no caderno os exercicios que aparecen neste documento.**

Unha vez feitas estas actividades, tes que enviar fotos ao meu correo: profeantia@gmail.com

Calquera dúbida, escríbeme un correo.

Moito ánimo!!!

Un abrazo grande!!!

Antía.

O meu gato sempre me imita. Cando me agocho baixo o xornal...
Cando me agocho tras da porta, el imítame.
Cando me agocho baixo o escritorio...
Cando me agocho dentro do armario. Imítame sempre.
O meu gato imítame cando tendo a roupa.
Cando persigo unha mosca, tamén me imita.
Cando ulo as flores...
Cando observo un becho, o meu gato sempre me imita.
Sempre sempre.

O meu gato sempre me imita, Kwon Yoon_duck.

Lata de sal Editorial

1. Contesta as preguntas.

- De que animal fala o texto?
-

- Nunha parte do texto dise que se agochan detrás dunha fiestra ou dunha porta?
-

- Que olen?
-

- Sabes o que significa “imitar”? Explícao de xeito breve.
-
-
-

2. Clasifica as palabras onde corresponda.

me	agocho	gato	imítame
persigo	escritorio	as	mosca

1 sílaba	2 sílabas	3 sílabas	4 sílabas

3. Completa coas consoantes que faltan.

**Can_o o_servo un _echo, o meu ga_o
se_pre me imi_a.**

4. Coloca os seguintes nomes no cadro correcto.

avó	casa	Galicia	Pablo	can
María	España	nenas	alegría	Miño

Nome común	Nome propio

A ARAÑA TECE

Nos milleirais,
con moita maña,
puntos de prata
tecía a araña.

De noite e de día
crece a maraña,
un longo encaixe
teceu a araña.

Tea de prata
con nós moi roxos...
Uns apertados
e os outros frouxos.

Nos milleirais,
con moita maña,
puntos de prata
teceu a araña.

Anisia MIRANDA

1. En que lugar tece a araña?

2. De que cor son os nós da tea de prata?

3. Marca en que momento tece a araña.

- Só pola noite. Só polo día. De noite e día.